



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

##### Anuncio

#### FORMALIZACIÓN

##### ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP0024SU17-ABO.
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260066/982260095.
- g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org.
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es).
- i) Dirección onde se poden consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: <http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)

##### OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo: Subministración.
- b) Descrición: Subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da granxa Gayoso Castro.
- c) 15710000-8 Alimentos preparados para animais de granxa e outros animais.

##### TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Criterios de adxudicación (Ver cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas):
  - i. NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS
    1. Características técnicas (ata 45 puntos)
  - ii. AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS
    1. Oferta económica (ata 55 puntos).

##### ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:

- a) Importe neto: 177.300,00 euros. I V E ( 10%). Importe total: 195.030,00 euros.
- b) Valor estimado do contrato: 195.030,00 euros.

##### ADXUDICACIÓN:

- a. Data: 20 de abril de 2018
- b. Contratista: EVIALIS GALICIA S.A.
- c. Prezo de adxudicación: 177.300,00 euros. I V E ( 10%). Importe total: 195.030,00 euros
- d. Data de formalización: 03 de maio de 2018

En Lugo, 03 de maio de 2018. O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL. Pablo Rivera Capón.

R. 1188

## CONCELLOS ANTAS DE ULLA

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 3 de maio de 2018, aprobáronse as bases e a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de axuda no fogar do Concello de Antas de Ulla (Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes e prestación básica), para a provisión de postos de traballo en réxime de persoal laboral.

As bases íntegras do presente procedemento poden consultarse na sede electrónica do Concello: [concellodeantas.sedelectronica.gal](http://concellodeantas.sedelectronica.gal), e no taboleiro de anuncios do Concello de Antas de Ulla e estarán a disposición dos interesados nas Dependencias Municipais.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Antas de Ulla no prazo de cinco días naturais a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

En Antas de Ulla, a 3 de maio de 2018.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 1189

## CERVO

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervo, con data 26 de abril de 2018, aprobou definitivamente o Plan Especial de Infraestruturas "Acondicionamento da rúa entre avda. Bellavista e avda. da Veiga. San Cibrao. Cervo.

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no artigo 199 do seu regulamento, publícase o documento que contén a normativa e as ordenanzas de dito Plan:

### **PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS ACONDICIONAMENTO DA RÚA ENTRE AVENIDA BELLAVISTA E AVENIDA DA VEIGA DO CONCELLO DE CERVO**

#### **DOCUMENTO II: NORMATIVA.**

#### **ÍNDICE**

DOCUMENTO I: MEMORIA

ANEXO I: TRAMITACIÓN DO PLAN ESPECIAL

#### **DOCUMENTO II: NORMATIVA**

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS....1

CAPITULO I.- OBXECTO DO PLAN ESPECIAL E ÁMBITO DE APLICACIÓN ....1

ARTÍGO 1 .- ÁMBITO....1

ARTÍGO 2 .- NATURALEZA....1

ARTÍGO 3 .- VIXENCIA....1

CAPITULO II.- INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO DO PEI....1

ARTÍGO 4 .- PROXECTO DE URBANIZACIÓN....1

CAPITULO III.- SISTEMA DE ACUTACIÓN PREVISTO....2

ARTÍGO 5 .-SISTEMA DE ACTUACIÓN....2

ARTÍGO 6 .- CAMBIO NO SISTEMA DE ACTUACIÓN .... 2

TITULO II.- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO....2

CAPITULO I.- SISTEMA VIARIO EN SOLO URBANO ....2

ARTÍGO 7 .- ÁMBITO....2

ARTÍGO 8 .- RÉXIME URBANÍSTICO ....2

**CAPITULO II.- SISTEMA VIARIO EN SOLO URBANIZABLE...2****ARTÍGO 9 .- ÁMBITO....2****ARTÍGO 10 .-RÉXIME URBANÍSTICO....2****TITULO III.- NORMATIVA DE URBANIZACIÓN....3****CAPITULO I.- REDE VIARIA....3****ARTÍGO 11 .- CLASIFICACIÓN....3****ARTÍGO 12 .- CONDICIÓNS DE DESEÑO....3****ARTÍGO 13 .- CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN....3****CAPITULO II.- REDE DE EVACUACIÓN....3****ARTÍGO 14 .- REDE DE EVACUACIÓN....4****ARTÍGO 15 .- CONDICIÓNS DE PROXECTO....4****CAPITULO III.- ALUMEADO....3****ARTÍGO 16 .- ALUMEADO PÚBLICO....3****ARTÍGO 17 .- CONDICIÓNS DE PROXECTO....3****CAPITULO IV.- XARDINERÍA E MOBILIARIO URBANO....4****ARTÍGO 18 .- TRATAMENTO DOS ESPAZOS LIBRES....4****DOCUMENTO III: PLANOS****TITULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS****CAPITULO I.-OBXECTO DO PLAN ESPECIAL E ÁMBITO DE APLICACIÓN****ARTÍGO 1.- ÁMBITO**

O ámbito de aplicación das Normas e Ordenanzas contidas no presente Plan Especial de Infraestruturas (en diante PEI) é o delimitado no plano “PEI-01 Situación e Emprazamento”.

**ARTÍGO 2.- NATURALEZA**

1. O presente documento contén as ordenanzas reguladoras do PEI.
2. O presente PERI redactouse de acordo coas disposicións contidas nos textos legais, cuxas abreviaturas en diante serán as seguintes:
  - a) Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. (en diante TRLS).
  - b) Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (en diante LSG)
  - c) Decreto 143/2016, d 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
  - d) Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.
  - e) Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
  - f) Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do concello de Cervo aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo no ano 1.978. (en diante NNSS)
  - g) Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (Revisión no núcleo urbano de Cervo) aprobadas definitivamente no ano 1.983
  - h) Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, adaptación á Lei de Adaptación do Solo de Galicia aprobadas definitivamente en no ano 1.998 (revisión do medio rural).
  - i) Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade da Xunta de Galicia.
  - j) Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados (BOE 11/03/10).
  - k) Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para el acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións (BOE 11/05/07).

l) Orde FOM/273/2016, de 19 de febreiro, pola que se aproba a Norma 3.1-IC Trazado, da Instrución de Estradas.

m) Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano. Ministerio de Fomento.

n) Regulamento Sector Ferroviario (R.D. 2387/2004), de 30 de decembro de 2004.

### **ARTÍGO 3.- VIXENCIA.**

O presente PEI terá vixencia indefinida, sen prexuízo das modificacións que puidesen incluírse no mesmo.

## **CAPITULO II.-INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO DO PEI.**

### **ARTÍGO 1.- PROXECTO DE URBANIZACIÓN.**

1. Os proxectos de urbanización son proxectos cuxa finalidade é a de executar os servizos e dotacións establecidos polo planeamento. Teñen como obxectivo o detallar, programar e valorar coa precisión necesaria para que podan ser executadas as obras e levar á práctica todas as determinacións previstas no Plan Especial en relación coas determinacións correspondentes a viarios e espazos libres para a execución dos sistemas.

2. Os proxectos de urbanización conterán todas as obras de urbanización previstas no presente PEI.

3. Os proxectos de urbanización non poderán conter determinacións sobre a ordenación, réxime do solo ou edificación, nin poderán modificar as previsións do planeamento sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións e axustes necesarios motivados pola esixencia da execución material das obras. Cando as adaptacións supoñan alteracións que desvirtúen as determinacións sobre ordenación ou réxime do solo afectado, deberá aprobarse previamente a correspondente modificación do planeamento.

4. Sen prexuízo dos apartados anteriores o seu contido formal será o establecido no artigo 225º.-) do Decreto 143/2016.

## **CAPITULO III.-SISTEMA DE ACUTACIÓN PREVISTO**

### **ARTÍGO 1.-SISTEMA DE ACTUACIÓN**

Como sistema de actuación fíxase o de expropiación forzosa.

### **ARTÍGO 2.- CAMBIO NO SISTEMA DE ACTUACIÓN**

Poderase modificar o sistema de actuación de acordo có previsto no artigo 112 da LSG e 285 do Decreto 143/2016.

## **TITULO II.-RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO**

### **CAPITULO I.- SISTEMA VIARIO EN SOLO URBANO**

#### **ARTÍGO 3.- ÁMBITO**

O ámbito deste sistema viario, é o sinalado no plano “PEI-05 Réxime Urbanístico do solo” coa trama de Ordenanza EL: Espazos Libres (sistema viario) conforme á correspondente ordenanza das NSP.

#### **ARTÍGO 4.- RÉXIME URBANÍSTICO**

De acordo coas determinacións da Disposición Transitoria Primeira apartado 2º.-) da Lei 2/2016, o réxime urbanístico virá determinado polo seguinte réxime:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

b) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano non consolidado.

### **CAPITULO II.- SISTEMA VIARIO EN SOLO URBANIZABLE**

#### **ARTÍGO 5.- ÁMBITO**

O ámbito deste sistema viario, é o sinalado no plano “PEI-05 Réxime Urbanístico do solo” mantendo a clasificación conforme corresponde pola aplicación das NSP tendo a consideración de Solo Urbanizable.

#### **ARTÍGO 6.-RÉXIME URBANÍSTICO**

De acordo coas determinacións da Disposición Transitoria Primeira apartado 2º.-) da Lei 2/2016, ó réxime urbanístico de aplicación será o previsto na Lei 2/2016 para o solo rústico.

## **TITULO III.- NORMATIVA DE URBANIZACIÓN**

### **CAPITULO I.- REDE VIARIA**

#### **ARTÍGO 7.- CLASIFICACIÓN**

En función dos distintos usos previstos, o PEI distingue entre os seguintes tipos de vías de circulación:

- a) Viario rodado
- b) Reposición de estradas existentes
- c) Camiños secundarios e senllas peonís

#### **ARTÍGO 8.- CONDICIÓN DE DESEÑO**

As sección tipo do viario se reflexa nos correspondentes planos do PEI

Teranse en todo caso en consideración os parámetros establecidos na normativa reguladora de estradas e enunciada entre outra no artigo 2º.-) da presente Normativa.

#### **ARTÍGO 9.- CONDICIÓN DE EXECUCIÓN**

As condicións de urbanización para cada un dos distintos tipos de viario proposto son:

- a) Viario rodado: terá un pavimento formado por capa de rodaxe de aglomerado tipo D12, capas intermedias tipo D20 e S25, de 5, 6 e 9 cm de espesor respectivamente, con rega de adherencia sobre base de zahorra artificial de 25 cm e sub ? base de zahorra natural de 25 cm.
- b) Reposición de estradas existentes: dotarase co mesmo firme e sección da estrada que resulte afectada
- c) Camiños secundarios e senllas peonís: Realizaranse sobre unha base de zahorra compactada, mantendo a aparencia actual dos camiños existentes.

En todo caso as condicións sinaladas no presente artigo resultan ser mínimas debendo axustarse conforme as xustificacións técnicas do proxecto de urbanización.

Os axustes introducidos no proxecto de urbanización conforme as condicións de execución debidamente xustificadas non supoñen a necesidade de modificar o presente PEI.

### **CAPITULO II .- REDE DE EVACUACIÓN**

#### **ARTÍGO 10.- REDE DE EVACUACIÓN**

Será necesaria a execución duna rede de sumidoiros para a evacuación das augas pluviais adaptada as necesidades e características do terreo que en todo caso buscará a evacuación aos cauces naturais próximos.

#### **ARTÍGO 11.- CONDICIÓN DE PROXECTO**

Os proxectos da rede estarán suxeitos ás seguintes condicións mínimas:

- a) As seccións mínimas serán de 30 cm e as velocidades máximas serán de 3 m/segundo cando os condutos sexan circulares, podendo aumentarse ata valores de 5 m/segundo para seccións ovoideas e especiais visitables.
- b) As pendentes mínimas nos ramais iniciais estarán comprendidas entre o 2% e o 6%, e nos demais determinarase de acordo cos caudais para que as velocidades mínimas non descendan de 0,4 m/segundo. Se a pendente da tubaxe fose superior ao 6% será preciso realizar un pozo de resalto.

### **CAPITULO III .- ALUMEADO**

#### **ARTÍGO 12.- ALUMEADO PÚBLICO**

O vial deberá ter un nivel lumínico mínimo que se indica a continuación:

- a) Viario: Nivel de iluminación mínimo de 30 Lux con un grao de uniformidade de 1/3
- b) Percorridos peonís: Nivel de iluminación mínimo de 15 Lux con un grao de uniformidade de ¼

A iluminación será do tipo LED e situada sobre báculo, fustes ou outras debidamente xustificadas.

Todos os equipos a empregar deberán estar protexidos contra a corrosión e disporán de toma de terra de ser condutores.

A situación dos centros de mando será tal que ocupen un lugar secundario na escea visual urbana e non ocasionen inconvintes ao cidadán nin para transitar nin pola potencial produción de ruidos molestos. Os armarios serán de aceiro inoxidable de calidade e espesor acorde coas necesidades.

#### **ARTÍGO 13.- CONDICIÓN DE PROXECTO**

1. A canalización irá situada nos arceas laterais estando formada como mínimo por 2 tubos de 110 mm de diámetro de PVC ríxido e liso en paredes interiores.
2. Nos cruces disporase de 4 tubos situados de tal modo que cumpra coa normativa vixente.
3. Os báculos das farolas será de aceiro ou madeira sen admitirse o formigón como material.
4. Na rede de alumeado empregaranse luminarias LED sendo obrigatorio a instalación de fluxo variable.

**CAPITULO IV.-XARDINERÍA E MOBILIARIO URBANO****ARTÍGO 1.- TRATAMENTO DOS ESPAZOS LIBRES**

A definición pormenorizada do espazo destinado a espazos libres de acompañamento de viario, definirase con todo detalle no proxecto de urbanización en desenvolvemento do plan especial, e coidara especialmente os seguintes aspectos:

- a) Utilizaranse preferiblemente especies autóctonas ou de probada adaptación á climatoloxía do solo.
- b) Definiranse portes, diámetros e características específicas de cada unidade de plantación
- c) Agruparanse especies con similares esixencias de solo, humidade, tolerancia á insolación ou ao grao de contaminación ambiental.
- d) Definirase o marco de plantación para cada especie e as dimensións axeitadas dos ocos de plantación

Nos noiros resultantes utilizaranse especies vexetais tapizantes con sistemas radiculares que favorezan a fixación do solo.

Cervo, 7 de maio de 2018.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1256

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

CONVOCATORIA DE PROCEDEMENTO SELECTIVO POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE DIPLOMADOS/ TECNICOS EN TURISMO A MEDIA XORNADA.

Por acordo da XGL de data 30 de abril de 2018 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20 ) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax o por outro medio a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 2 de maio de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1192

**MONTERROSO***Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CARÁCTER TEMPORAL DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE MONTERROSO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de maio de 2018 aprobáronse as bases xerais de convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego de carácter temporal de peón de servizos múltiples do Concello de Monterroso.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles .

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)

Monterroso, 3 de maio de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 1193

## A POBRA DO BROLLÓN

## Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 27/03/2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral do exercicio 2018. Conforme o artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resulta definitivamente aprobado o Orzamento, Plantilla e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2018 segundo decreto do sr. alcalde de data 30/04/2018. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que dito presuposto ascende tanto en gastos como en ingresos as cantidades que se reflicten por capítulos e que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

	Gastos		Ingresos	
	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
I	Gastos de persoal	794.850,00	Impostos directos	920.000,00
II	Gastos en bens correntes e servicios	688.050,00	Impostos indirectos	25.000,00
III	Gastos financeiros	7.500,00	Taxas e outros ingresos	291.500,00
IV	Transferencias correntes	54.600,00	Transferencias correntes	660.000,00
V	Continxencias	6.000,00	Ingresos patrimoniais	2.000,00
	Total gastos correntes	1.551.000,00	Total ingresos correntes	1.898.500,00
VI	Inversións reais	257.500,00	Alleamento de inversións reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00	Transferencias de capital	0,00
VIII	Variación de activos financeiros	0,00	Variación de activos financeiros	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	90.000,00	Variación de pasivos financeiros	0,00
	Total gastos de capital	347.500,00	Total ingresos de capital	0,00
	<b>Total estado de gastos</b>	<b>1.898.500,00</b>	<b>Total estado de ingresos</b>	<b>1.898.500,00</b>

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar a plantilla e relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

## ANEXO II. CADRO DE PERSOAL.

## A) Funcionarios de carreira:

Praza	Nº.	Grupo	Escala/Subescala	CD
Secretario-Interventor.	1	A-2	Funcionario de Habilitación Nacional	24
Administrativo Tesoreiro	1	C-1	Administración Xeral	22
Auxiliar Administrativo	2	C-2	Administración Xeral	12

## B) Persoal laboral fixo

Denominación	Nº	Posto de Traballo	CD
Capataz	3	Servizos Múltiples	14
Técnico medio	1	Axente Local de Emprego	20
Auxiliar administrativo	2	Biblioteca e Oficina Información Xuvenil (media xornada)	12
Traballadora social	1	Servizos sociais	20

## C) Personal laboral indefinido

Denominación	Nº	Posto de Traballo	CD
Conductor	2	Servizo recollida de lixo	14
Limpadora	2	Limpeza de edificios, oficinas etc.(media xornada)	12
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Servizos Dependencia e SAF.	12

## D) Persoal laboral temporal:

Denominación	Nº	Posto de Traballo	CD
Auxiliar administrativo servizos sociais	1	Servizos sociais	14
Auxiliarres SAF	5	SAF	10
O persoal de incendios, peóns obras, outros do SAF, en número variable en función das axudas recibidas.			

---

A Pobra do Brollón, 2 de maio de 2018.- O ALCALDE, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1194

---

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos a AUGA, LIXO (urbán) e SUMIDOIROS correspondentes ao 1º bimestre do exercicio 2018, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 2 de maio do 2018.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (Praza de España, 1)

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 10 de maio de 2018 ao 20 de xuño de 2018.

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Contra o presente acto que pon fin a vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñer:

1. Recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

2. Ou ben, directamente, reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

Saviño, 2 de maio de 2018.- O Alcalde, Joaquín González González.

R. 1195

---

## O VALADOURO

### *Anuncio*

#### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE O VALADOURO.**

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 12 de abril de 2018, adxudicouse o contrato de servizo de limpeza viaria do Concello de O Valadouro. Publícase a súa formalización para os efectos do artigo 154 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

#### **1. Entidade adxudicadora:**

- a) Organismo: Concello de O Valadouro
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría-Intervención.
- c) Número de expediente: 35/2018
- d) Enderezo da Internet do perfil do contratante: [www.valadouro.org](http://www.valadouro.org)

#### **2. Obxecto do contrato:**

- a) Tipo de contrato: Servizos
- b) Descrición : Realización do servizo de limpeza viaria no núcleo urbano da parroquia de Ferreira do Valadouro e en parques e espazos naturais de titularidade municipal.
- c) CPV: 906100000



- d) Descrición de CPV: Servizo de limpeza e barrido de calles.  
e) Medio de publicación do anuncio de licitación: B.O.P de Lugo e perfil do contratante  
f) Data de publicación do anuncio de licitación: 27 de xaneiro de 2018.

**3. Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación: Urxente  
b) Procedemento: Aberto

**4. Valor estimado do contrato:** 65.000,00 euros.

**5. Orzamento base de licitación (importe anual). Importe neto: 32.500,00 euros. Importe total: 39.325,00 euros.**

**6. Formalización del contrato:**

- a) Data de adxudicación: 12 de abril de 2018  
b) Data de formalización do contrato: 25 de abril de 2018  
c) Contratista: ASCAN EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN,S.A.  
d) Importe de adxudicación. Importe neto: 51.919,37 euros. Importe total: 57.111,31 euros.  
e) Vantaxes da oferta adxudicataria.

1.- Limpeza da pedra da praza de Santa María mediante baldeo mecánico con carácter semestral

2. Barrido mecánico de vías e beirarúas mediante máquinas barredoras recolledoras de aspiración ou de arrastre provistas dos correspondentes sistemas automáticos de humectación para evita-la formación de pó con carácter mensual.

Valadouro a 25 de abril de 2018.- O alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1251

---

**VILALBA**

*Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), exponse ó público, durante o prazo de 30 días hábiles, a modificación da ordenanza fiscal n.º 34, reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro e da sección local do rexistro de animais de compañía, e da súa fiscalidade”, que se aprobou polo Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/04/2018, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 3/05/2018.- O alcalde. Agustín Baamonde Díaz.

R. 1252

---

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**  
**XULGADO DO SOCIAL N.º 2 PONFERRADA**

*Anuncio*

D. SERGIO RUIZ PASCUAL, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de PONFERRADA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 31/2018 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de Dª DIANA MURCIANO REDONDO contra la empresa ITECSA BIERZO SL y FOGASA, sobre DESPIDO, se ha dictado Sentencia en fecha 19/4/2018, cuya parte dispositiva es del siguiente tenor literal:

**FALLO**

Que estimando sustancialmente la demanda interpuesta por Doña Diana Murciano Redondo contra, la empresa ITECSA BIERZO S.L., con citación del FOGASA

**DEBO DECLARAR Y DECLARO la extinción de la relación laboral que unía a las partes, con fecha de efectos 19 de abril de 2018**, condenando a la empresa demandada a estar y pasar por esta declaración y a que abone a la actora, en concepto de indemnización, la cantidad de 1.079,05 euros.

**CONDENÁNDOLA AL ABONO DE los salarios adeudados**, de los meses de agosto de 2017 a la fecha del dictado de la presente sentencia por importe de 15.939,27 euros, más el 10% de interés por mora.

Con expresa condena en costas a la demandada.

Y todo ello sin perjuicio de la responsabilidad que pueda alcanzar, en su caso y en los límites legalmente previstos, al Fondo de Garantía Salarial,

Notifíquese la presente resolución a las partes, haciendo la indicación de que contra la misma cabe interponer, ante la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León (Valladolid), recurso de suplicación.

Así por esta mi sentencia, dictada e incluida en el archivo digital correspondiente del Juzgado para su tratamiento informático en el día de la fecha, de la que se deducirá certificación para unir a los autos de que dimana, y a la que se le dará la publicidad prevenida en la normativa en vigor, definitivamente juzgando en esta instancia, lo pronuncio, mando y firmo.

Y para que sirva de notificación en legal forma a ITECSA BIERZO SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LEÓN Y DE LUGO.

En PONFERRADA, a treinta de abril de dos mil dieciocho.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1197

---

## XULGADO DO SOCIAL N.º 2 PONFERRADA

### *Anuncio*

D. SERGIO RUIZ PASCUAL, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 002 DE PONFERRADA.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D<sup>a</sup> YASMINA PUERTO RIVEIRO contra MUTUA GALLEGA, INSS Y TESORERIA, RTC SOLUTION SL, en reclamación por SEGURIDAD SOCIAL, registrado con el nº SEGURIDAD SOCIAL 0000179 /2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a RTC SOLUTION SL**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 4/6/2018 a las 12:20 horas**, en AV.HUERTAS DEL SACRAMENTO S/N - Sala 005, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **RTC SOLUTION SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de León y Lugo.

En PONFERRADA, a treinta de abril de dos mil dieciocho.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1198

---